

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 23 de novembro de 2020, pola que se anula a do 2 de marzo de 2020 relativa á convocatoria do Proxecto “EnCANtame Ler” de lectura apoiada por cans, destinado a centros públicos de educación infantil e primaria, ou centros específicos de educación especial, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Por resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 2 de marzo de 2020 convocouse o Proxecto “EnCANtame Ler” de lectura apoiada por cans, destinado a centros públicos de educación infantil e primaria, ou centros específicos de educación especial, de titularidade da Consellería, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares, co obxectivo de promover experiencias de práctica e mellora das habilidades lectoras e de comunicación destinadas a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, mediante sesións de lectura apoiada por cans, estando previsto inicialmente desenvolver esta actuación nos centros seleccionados durante o último trimestre do pasado curso, o que non foi posible por mor da suspensión da actividade lectiva presencial, motivada pola crise sanitaria derivada da pandemia COVID-19, polo que se prorrogaron os trámites para a correspondente resolución a setembro de 2020.

O inicio do curso 2020/21 continúa a estar condicionado polas circunstancias sanitarias, e a actuación dos centros educativos debe realizarse tendo en conta as pautas que se van adoptando a través de diferentes instrumentos normativos e protocolos relativos, entre outros extremos, ás distancias de seguridade, medidas hixiénicas e de protección individual e colectiva ou uso dos materiais que se comparten.

Neste contexto excepcional considérase que non é posible desenvolver durante este trimestre final do ano, en toda a súa extensión, a actividade no formato e co deseño para o que foi concibida, motivo polo que cómpre anular a convocatoria publicada a través da resolución do 2 de marzo de 2020.



En consecuencia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE

1. Deixar sen efecto a resolución do 2 de marzo de 2020 pola que se convoca o proxecto “EnCANtame Ler” de lectura apoiada por cans, destinado a centros públicos de educación infantil e primaria, ou centros específicos de educación especial, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Lectura, Formación e Aprendizaxe).
2. Comunicar esta resolución por correo electrónico aos centros que presentaron a súa solicitude en tempo e forma.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)

O Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

